



PÉ DE IMAXE (NOVA ESCOLA GALEGA)


PRESENTA BANDA DESEÑADA E NOVOS MEDIOS

UN PROGRAMA DE DIFUSIÓN PARA OS CENTROS DE ENSINO

Curso 2006-2007

Unha representación dos debuxantes e artistas gráficos galegos e un grupo de expertos en educación para os medios únense co obxecto de ofrecer ós centros de ensino charlas e obradoiros, dirixidos a sensibilizar ó alumnado sobre as características específicas e os valores estéticos e doutro tipo dos medios audiovisuais, que xeralmente non poden recibir suficiente atención no currículo.

- ***As charlas estarán adaptadas aos distintos niveis educativos: Ed. Primaria, ESO, Bacharelato e FP.***
- ***Os centros poderán contratar un grupo de charlas/obradoiros (a semana, a quincena ou o mes dos novos medios, dos medios audiovisuais ou da banda deseñada) ou charlas individuais.***



Bloque medios de comunicación

- 2 charlas ou obradoiros sobre medios de comunicación de masas
- 2 charlas-obradoiros sobre banda deseñada (podería desenvolverse durante unha semana ou un mes)

Prezo: 480 euros.

Bloque os novos medios

- 3 charlas ou obradoiros sobre medios de comunicación de masas (a desenvolver nunha ou en tres semanas)

Prezo: 375 euros.

Bloque banda deseñada

- 3 charlas-obradoiro sobre banda deseñada (a desenvolver nunha ou en tres semanas)

Prezo: 375 euros.

- ***Se se contratan charlas individuais o prezo é de 130 euros cada charla. Os prezos indicados non inclúen o IVE.***
- ***As charlas irán dirixidas a un máximo de tres grupos-aula (90 alumnos/as) e nelas deberá estar presente o profesorado. Duración aproximada: 50 minutos.***
- ***Os obradoiros irán dirixidos a un máximo de 30 alumnos ou alumnas. Duración aproximada: 50 minutos.***



Títulos indicativos do contido das charlas:

Charlas sobre medios de comunicación:

- **Da fotografía a Lara Croft. Iniciación ós novos medios.**
- **As imaxes nas aulas de Primaria. Do debuxo a internet.**
- **Cómo analizar os programas de televisión.**
- **Internet: o mundo na rede.**
- **Cine. Cómo ver e analizar unha película.**
- **Obradoiro sobre creación e edición en vídeo.**

Charlas-obradoiros sobre ilustración, deseño, banda deseñada e outras artes plásticas:

- **Obradoiro de iniciación á banda deseñada**
- **Estilos e tendencias na banda deseñada**
- **Como deseñar esteticamente un sitio web**
- **A ilustración en libros infantís. O autor literario e o creador gráfico. Proceso xeral.**
- **Obradoiro de ilustración a partires dun relato breve. “ Ilustramos un conto”.**
- **A ilustración nos libros infantís. Un percorrido polos grandes ilustradores da historia da literatura infantil**
- **A ilustración no libro infantil en lingua española. Un percorrido pola súa historia a través da obra dos principais creadores**
- **A ilustración no libro infantil en lingua galega. Un percorrido pola súa historia a través da obra dos principais creadores**
- **Como se crea un personaxe de cómic: pasos, técnicas, resultados**
- **Obradoiro de animación con plastilina**
- **Os misterios da caricatura: métodos e técnicas**
- **A ilustración no mundo publicitario.**
- **Humor gráfico en prensa**
- **Elaboración dun storyboard para cine**
- **Elaboración dun cómic para internet**
- **A creación de gags ou recursos humorísticos**
- **Os novos medios aplicados á banda deseñada**
- **Obradoiro de formas en barro**
- **Obradoiro de cerámica creativa**



Colaboradores/as:

- Debuxantes, ilustradores, deseñadores, artistas plásticos, guionistas, escritores: SIRO LÓPEZ, MANEL CRÁNEO, PRIMITIVO MARCOS, KIKO DA SILVA, JOSÉ TOMÁS, DIEGO ROSALES (guionista), CARMELA G. PINTOS, NOEMÍ LÓPEZ, MARCOS PAZ NAVAS (ceramista e debuxante), MARÍA VILLAR, FINA CASALDERREY E MANUEL UHÍA (parella escritora-ilustrador) XABIER DOCAMPO E XOSÉ COBAS (parella escritor-ilustrador), PINTO E CHINTO (parella debuxante-guionista), LEANDRO, PAULA GÓMEZ E MARCOS CREGO (parella guionista- debuxante), KIKE BENLLOCH (guionista), ALGARABÍA (Produtora, especializada en animación con plastilina).
- Novos medios (Pé de Imaxe): CHEMA AGUILERA, JUAN JOSÉ BUENO, ANTÓN CAEIRO, BENXAMÍN SALGADO, MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE.

Cada centro pode solicitar un tema específico ou un determinado relator. A organización poderá ofertar un tema ou relator alternativos no caso de que non sexa posible contar cos solicitados. En calquera caso, o centro solicitante será debidamente informado do cambio para que poida adoptar a decisión final.

TELÉFONOS DE CONTACTO:

Para consultas sobre ilustración, deseño, banda deseñada e outras artes plásticas: 666551469

Para consultas sobre medios de comunicación: 607864445

